



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA REDE DE INVESTIGADORES SOBRE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO E DESCENTRALIZACIÓN FISCAL EN ESPAÑA (RIFDE)

O director xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda,

DECLARA:

Que a Consellería de Facenda e a Universidade de Vigo teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2019, sen prexuízo de que se poidan atender actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto outorgarlle unha subvención de concesión directa segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia á Universidade de Vigo para que desenvolva a través da Rede de Investigadores sobre financiamento autonómico e descentralización fiscal en España (RIFDE) unha conferencia no mes de outubro sobre “A reforma da financiación autonómica: suficiencia e autonomía tributaria”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que existe interese público no coñecemento dos estudos e investigacións sobre os sistemas de financiamento autonómico que permitan avanzar de cara a un novo modelo de financiamento baseado de acordo co establecido no artigo 156 CE nos principios de solidariedade e suficiencia e tamén, entre outros, nos de equidade, transparencia e corresponsabilidade fiscal. Por iso, considérase de gran utilidade apoiar financeiramente a celebración desta conferencia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional toda vez que a consellería non vai percibir ningunha contraprestación.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital deste documento
O director xeral de Planificación e Orzamentos
Miguel Corgos López-Prado